



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA CONCILIACIÓN ESCOLA DE VERÁN 2023 DO CONCELLO DE BAIONA.

Art.1 Fundamentación:

A Escola de Verán 2023 do Concello de Baiona é un programa que ten como obxectivo xeral *«facilitar ás familias do municipio un recurso para conciliar a vida laboral, persoal e familiar, establecendo un servizo sociocomunitario que mellore a calidade de vida do territorio, potenciando ademais a optimización de recursos a través da utilización dos centros educativos municipais fóra do horario lectivo»*.

Enmárcase na lexislación e recomendacións existentes no ámbito internacional, na Axenda 2030 (ODS), na Unión Europea, no Estado Español, na Comunidade Autónoma Galega e no ámbito local. O IV Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Baiona 2019-2023, aprobado por sesión plenaria o 27 de decembro do 2018, establece no seu eixe «IGUALDADE E CALIDADE» entre as accións a desenvolver na medida **5.1.1.** *“Consolidación do desenvolvemento de actividades socioeducativas, de ocio e tempo libre durante os períodos vacacionais dirixidas a nenas e nenos coa finalidade de facilitar a conciliación das familias (Vacacións de Nadal, vacacións se Semana Santa e vacacións de verán do 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023)”*.

O programa é cofinanciado polas familias participantes, polo Concello de Baiona e pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2023(Liña 2).

Art.2 As persoas beneficiarias do programa disporán dos seguintes servizos:

- Un programa de actividades de ocupación do tempo libre
- O material necesario para o desenvolvemento das actividades
- Equipo técnico de persoal
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Art.3 Requisitos mínimos para participar na «Escola de Verán» do Concello de Baiona:

3.1 Que o neno ou a nena para o que se solicita praza teña nado entre o ano 2011 e 2019.

3.2 Acreditar algunha das seguintes circunstancias:

1. Unha das persoas proxenitoras (nai/titora, pai/titor, familia acolledora, etc) debe estar empadroada no municipio con data anterior a esta convocatoria (non é necesario acreditalo. O Concello de Baiona verificará que nai ou pai



das persoas menores para as que se solicita a praza están empadroados no municipio).

2. Que a nena ou neno para o que se solicite praza esté escolarizado/a no curso escolar 2022-2023 nun centro educativo do municipio de Baiona.
3. Que o pai, nai, titor/a do ou da menor para o que se solicita praza, traballe ou posúa un negocio en Baiona. En caso de familias monoparentais deberá traballar o pai, nai, titor/a que estea a cargo do menor.

- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van a desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

Art.4 Data, horario e lugar de realización do programa:

O programa desenvolverase de luns a venres dende o luns 3 de xullo ata o luns 31 de xullo no CPI Cova Terreña e no CEP de Sabarís en horario de 8:00 a 15:00, salvo festivos. Haberá flexibilidade no horario de entrada (de 8:00 a 9:00h.) e no horario de saída (de 14:00 a 15:00h) sempre que se sinale na solicitude.

Art.5 Prazo e lugar de presentación das solicitudes:

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude de inscrición (Anexo I) debidamente cumprimentada e asinada, xunto coa documentación requirida de acordo co artigo 12, no rexistro de entrada do Concello de Baiona de luns a venres en horario de mañá de 9:00 a 14:00h, ou a través da sede electrónica do Concello de Baiona. O prazo para presentar a solicitude é dende o venres 28 de abril ata o martes 16 de maio, ámbolos dous incluídos. No caso de solicitudes presentadas pola sede electrónica, poderán presentarse en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de solicitudes ata o venres 16 de maio ás 14:00 horas.

Non se admiten solicitudes por un prazo inferior a duración do programa. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación incondicional das presentes bases do procedemento.

Art.6 Número de prazas:

Ofértanse 120 prazas que se distribuirán entre o CPI Cova Terreña e o CEP Sabarís. So se poderá solicitar praza para un dos centros educativos en que se desenvolve a actividade, quedando excluídas automaticamente aquelas persoas que





presenten solicitude para participar nos dous centros. O Concello poderá reservar unha porcentaxe de ata o 10% das prazas ofertadas destinadas a nenas e nenos pertencentes a familias incluídas nos programas de Servizos Sociais e usuarias do Centro Municipal de Información á Muller, previo informe dos servizos correspondentes.

Art.7 Prezo:

De conformidade co establecido no artigo 7 da Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, talleres, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais do Concello de Baiona, aprobada en sesión plenaria de data 06/10/2016, delegase na Xunta de Goberno Local a fixación da tarifa aplicable en cada caso. **O prezo público da prestación do servizo da Escola de Verán 2023, é de 100€; acordouse na sesión da Xunta de Goberno Local do Concello de Baiona de data 18 de novembro de 2021.**

Respecto as bonificacións, de conformidade coa Ordenanza municipal establécense as seguintes:

- 20% para o segundo irmán ou irmá e 40% para o terceiro e sucesivos irmás ou irmáns.
- 20% para a persoa solicitante que durante a realización da actividade figure incluída no programa de Educación familiar.

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables. As persoas interesadas en obter ditas bonificacións deberán aportar xunto á solicitude de inscrición a documentación acreditativa de concorrencia das situacións e circunstancias expresadas no parágrafo anterior:

- Para o segundo e demais irmás/irmáns fotocopia do libro de familia.
- Para as persoas solicitantes incluídas no programa de educación familiar informe da educadora familiar do Concello.

Art.8 Instrución e procedemento de adxudicación de prazas:

A instrución do procedemento correspóndelle á técnica de igualdade municipal. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales, formulará a proposta de resolución á Alcaldía como órgano competente para a súa resolución.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:

1. Adxudicación directa: Se as solicitudes cumpren os requisitos mínimos

establecidos no artigo 3 desta convocatoria e non superen o número de prazas ofertadas.

2. No suposto que o número de solicitudes que cumpran os requisitos mínimos establecido no artigo 3 superen o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios establecidos no artigo 9.

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 9 a técnica de igualdade emitirá informe, segundo o cal a Alcaldía resolverá a lista de solicitudes admitidas provisional, a de excluídos/as e a de agarda de selo caso xunto coa puntuación obtida con especificación no seu caso dos motivos de exclusión. Publicaranse ademais, de selo caso, os requirimentos no suposto de que a solicitude presentada non estea debidamente cuberta ou non se presente a documentación esixida, que será publicada xunto coas listas anteditas no taboleiro de anuncios electrónico e na páxina web o luns 22 de maio, e se comunicará as persoas solicitantes que así o autoricen a través do enderezo electrónico indicado na solicitude, sinalándose un prazo de cinco días naturais a partir do día seguinte da súa publicación para presentar as reclamacións ás puntuacións obtidas e a documentación requirida. Aquelas persoas que non presenten no prazo establecido a documentación requirida, teránselle por desistidas na súa solicitude.

As reclamacións e emendas presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Baiona ou a través da sede electrónica do Concello de Baiona

A identificación das solicitudes nas correspondentes listas, será polo nome das persoas solicitantes e o número de prazas adxudicadas.

O mércores 31 de maio publicarase a lista definitiva das solicitudes admitidas, excluídas e de agarda.

Aquelas persoas que desexen que se lles comunique vía e-mail a información relacionada co procedemento, deberán cubrir e asinar o anexo II autorizando as comunicacións por esta vía.

Remitirse por enderezo electrónico ás persoas adxudicatarias das prazas o recibo do prezo público para pagar en entidade bancaria presencialmente no prazo establecido no mesmo. O xustificante do pago do recibo deberá entregarse no CIM ou remitirse ao enderezo electrónico cim@baiona.gal ata o seguinte día do derradeiro día de pago establecido no recibo remitido polo Concello de Baiona.

Art.9 Criterios de valoración:

- Familias nas que traballen as dúas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras.....10 puntos
- Familia monoparental/monomarental traballando.....10 puntos
- Familias na que so un dos proxenitores está en situación laboral



- activa.....5 puntos
- Familias monomarentais/monoparentais que non se atopen en situación laboral:activa.....5 puntos
- Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor.....2 puntos

Criterios de carácter social :

- Familia numerosa de categoría xeral.....1 punto
- Familia numerosa de categoría especial.....2 puntos
- No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal do menor, sexa coidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia a Lei 39/2006.....2 puntos
- Vítimas de violencia de xénero1 punto
- No caso de empate con igualdade de puntuación para a obtención de praza adxudicarse considerando a orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Baiona. **Entenderase a orde de entrada da solicitude no rexistro, a data e hora de presentación da última documentación presentada en relación coa solicitude, é dicir cando estea completa toda a documentación relacionada coa solicitude.**

A falta de presentación da documentación establecida no artigo 12 das bases para acreditar as situacións e circunstancias específicas sinaladas neste artigo, suporá a renuncia implícita a ser valorado no epígrafe correspondente do baremo.

As persoas adxudicatarias das prazas que non teñan realizado o pago en tempo e forma serán excluídas automaticamente e contactarase coas seguintes persoas da lista de espera. Ás persoas que obtiveron praza no programa e finalmente non vaian a participar no mesmo, deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro do Concello de Baiona ou a través da súa sede electrónica.

Rematado o proceso, de quedar algunha praza vacante, poderase solicitar acceder a ditas prazas sempre que as persoas solicitantes cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 da convocatoria e non comezara o programa. Neste caso deberán presentar a solicitude e a demais documentación esixida nestas bases, polo rexistro do Concello de Baiona ou a través da súa sede electrónica. Neste suposto contactar primeiro co centro de información á muller a través do enderezo electrónico cim@baiona.gal ou do teléfono 986 35 75 54. Ditas prazas serán adxudicadas pola orde de entrada no rexistro sempre que estea completa a documentación da solicitude presentada.

Art.10 Dereitos e obrigas das persoas participantes:



Dereitos:

- Ao bo trato por parte do persoal do servizo e dos usuarios/as.
- Á confidencialidade, sobre os seus datos sanitarios, económicos e sociofamiliares.
- A proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- A favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

Obrigas:

- Acudir á reunión informativa que terá lugar en horario de tarde antes do inicio da actividade, e na que se informará do funcionamento do programa .
- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios/as.
- Asinar as autorizacións para saída do centro educativo ao entorno próximo, para a recollida do neno ou nena en caso de que non sexa a nai, pai ou titor/a quen a realice.
- En caso de non asistencia ao servizo a falta deberá ser comunicada.
- Cumprir co horario de entrada e saída.

Comunicar calquera información relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación, etc) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

Art.11 Son causas de baixa do programa:

- Solicitud dos pais, nais, titores, acolledores ou representante legais dos e das menores.
- Non presentar o xustificante do pago en prazo e forma.
- Incumprimento reiterado das normas establecidas.

Art.12 Documentación a presentar:

Anexo I: Solicitud debidamente cumprimentada e asinada. A solicitud deberá asinala o pai/nai, titor/a, acolledor/a dos e das menores. **No suposto de separación ou divorcio** a solicitud deberá realiza-la a nai ou pai que teña a garda e custodia do ou da menor nese período; salvo que a actividade coincida cos períodos de tempo de réxime de visitas, que nese caso deberá presentar a solicitud o cónxuxe que nese período desfrute do réxime de visitas. No caso de solicitar praza para varios irmáns ou irmás deben presentar os datos dos nenos/as nunha mesma solicitud de inscrición.

Debe acompañarse o anexo I coa seguinte documentación:



- Certificado que acredite que o neno/a está escolarizado nun centro educativo municipal no curso 2022-2023 (só no caso de que non estea empadroada a nai, o pai, titor/a ou acolledor/a no municipio ou que a persoa proxenitora non traballe en Baiona).
- Fotocopia de NIF en vigor da nai, pai, titor/a ou representante legal do menor (o/a asinante da solicitude).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro privado do/a menor polo anverso e reverso.
- Fotocopia íntegra do libro de familia e/ou no caso, documentación relativa ao acollemento, tutela ou outras circunstancias.
- Documento referente ás autorizacións (Anexo III).
- En caso de ter participado na Escola de Verán 2022 ou no programa de conciliación semana santa 2023 e de non haber modificacións da situación a acreditar por parte das persoas solicitantes, éstas deberán cubrir o anexo III, quedando exentas de presentar a documentación que sinalen no mesmo. En ningún caso se está exento de acreditar a situación laboral actual e as circunstancias relacionadas coa saúde e enfermidade dos e das menores e de presentar dni se se renovou por caducidade.

De ser o caso deberán presentar ademais a seguinte documentación:

- No caso de que o/a menor padeza algún problema de saúde que dificulte ou imposibilite o desenvolvemento normal da actividade, deberá aportar documentación acreditativa.
- Familia monoparental, deberá presentar, fotocopia da Resolución Xudicial de separación/divorcio, xunto co convenio regulador, ou xustificación de interposición da demanda de separación/divorcio ou o certificado de familia monoparental que emite a Xunta de Galicia ou outra documentación que acredite dita condición.
- Para acreditar a categoría de familia numerosa: Fotocopia do título de familia numerosa .
- Para acreditar a situación de violencia de xénero acreditarase por calquera das seguintes formas:
 - Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
 - Fotocopia da Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei.
 - Informe orixinal ou fotocopia dos servizos sociais, ou sanitarios da administración pública, autonómica ou local.
 - Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Calquera outra que se estableza regulamentariamente.





- Para acreditar o suposto de cuidador/a non profesional dacordo coa Lei 39/2006 presentárase fotocopia da resolución do servizo de dependencia e autonomía persoal da Consellería de Traballo e Benestar Xunta de Galicia ou outra documentación que acredite dita situación.

- Para acreditar a situación laboral presentárase a documentación de ambas persoas proxenitoras ou representantes legais, ou do/a responsable familiar no suposto de familia monoparental:

1. Se traballa por conta allea acreditarase por calquera das seguintes formas:

- a) Certificado de empresa ou da administración actualizado de prestación de servizos.
- b) Nómina do mes de abril deste ano.
- c) Informe da Vida laboral actualizada.
- d) Outra documentación que acredite a situación laboral activa.

2. Se traballa por conta propia acreditarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do último recibo do pago da cuota da seguridade social do Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Art.13 Devolución do prezo público:

Unha vez obtida a praza, e aboado o prezo, se o neno ou nena non pode asistir á actividade, só terá dereito á devolución do prezo público, por causa debidamente xustificada. Neste suposto deberá presentarse a renuncia e a solicitude de devolución por escrito dirixido ao Alcalde-Presidente no rexistro de entrada do Concello de Baiona ou a través da sede electrónica do Concello de Baiona.

Art.14 Protección de datos:

Conforme o Regulamento (UE) 2016679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, informase de que os datos facilitados incorporase nun ficheiro baixo a responsabilidade do Concello de Baiona. Os datos non se cederán á terceiros, agás nos casos nos que exista unha obriga legal ou fora necesario o correcto desenvolvemento da actividade. **Neste caso os datos cederanse á entidade que vai prestar o servizo.**

Art. 15

As bases que rexen esta convocatoria, xunto cos anexos, estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web do Concello de Baiona, no taboleiro electrónico, no rexistro xeral de entrada do Concello de Baiona e no Centro Municipal de Información a Muller. Tamén poden solicitarse a través do enderezo electrónico cim@baiona.gal.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

O Concello de Baiona resérvase tódolos dereitos de cambiar ou suprimir calquera actividade en relación co Programa de Conciliación Escola de Verán 2023. O Concello de Baiona poderá incrementar ata 12 prazas o programa sobre as inicialmente ofertadas, previo informe de necesidade da técnica de igualdade e sempre que exista orzamento Para máis información: Centro Municipal de Información á Muller. Tfno.: 986 35 75 54 ou a través do enderezo electrónico cim@baiona.gal.

Baiona, na data asinada ao marxe deste documento asinado dixitalmente





ANEXO I. Solicitud de inscripción

Programa de Conciliación Escola de Verán 2023

CONCILIACIÓN ESCOLA DE VERÁN 2023	
Sinala a casa correspondente: <input type="checkbox"/> Solicitud individual <input type="checkbox"/> Solicitud múltiple (no caso de solicitar praza para irmáns ou irmás)	
Horario de entrada diaria do/da menor: _____ Horario de recollida diario do/da menor: _____	
DATOS DO/DA MENOR	
Nome e apelidos: _____ Data de nacemento: _____ Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente: _____ Cal?	
Lle	impide realizar a actividade con normalidade?
Outra	información que considere necesaria: _____
DATOS DO/DA MENOR	
Nome e apelidos: _____ Data de nacemento: _____ Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente: _____ Cal?	
Lle	impide realizar a actividade con normalidade?
Outra	información que considere necesaria: _____
DATOS DO/DA MENOR	
Nome e apelidos: _____ Data de nacemento: _____ Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente: _____ Cal?	
Lle	impide realizar a actividade con normalidade?
Outra	información que considere necesaria: _____
DATOS DO/DA REPRESENTANTE LEGAL DO/DA MENOR	
Nome e apelidos: _____ DNI/NIE: _____ Teléfonos: _____ Enderezo: _____	

DATOS DA SITUACIÓN SÓCIO FAMILIAR

Sinala a casa correspondente a túa situación (tódolos datos deben ser acreditados segundo as bases da convocatoria):

- Familia na que traballen os dous proxenitores ou titores/as.
- Familia monoparental traballando.
- Familia na que soamente unha das persoas proxenitora está en situación laboral activa.
- Familia na que ninguna das persoas proxenitoras está en situación laboral activa.
- Familia que solicita praza para máis dun/dunha menor.
- Familia numerosa de categoría xeral.
- Familia numerosa de categorías especial.
- Persoa proxenitora é cuidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia.
- Vítimas de violencia de xénero.

A falta de presentación de documentación establecidos no artigo 12 das bases para acreditar as situacións e circunstancias específicas sinaladas no parágrafo anterior, suporá a renuncia implícita a ser valorado no epígrafe correspondente do baremo.

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA

- Anexo I debidamente asinado.
- Certificado que acredite que o neno/a está escolarizado/a nun centro educativo municipal no curso 2022-2023 (so no caso de non estar empadroad/a en Baiona).
- Anexo III no caso de ter participado no Programa Escola de Verán 2022 ou Programa de conciliación Semana Santa 2023
- Anexo II Autorización captación de imaxes, vídeo e son así como utilización correo electrónico.
- Fotocopia do NIF/NIE en vigor da persoa que asina a solicitude.
- Fotocopia íntegra do libro de familia.
- Fotocopia do título de familia numerosa.

- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro privado do/da menor polo anverso e reverso.
- Fotocopia do auto de separación/divorcio, xunto con convenio regulador ou xustificación de interposición da demanda de separación/divorcio, certificado de familia monoparental ou outra documentación que acredite dita situación.
- Fotocopia de documentación acreditativa de estar en situación activa de emprego.
- Fotocopia de documentación acreditativa do suposto de cuidador/a non profesional segundo a Lei 39/2006.
- Outra documentación _____

En calidade de nai/titora ou pai/titor solicito sexa admitida esta solicitude de inscrición para participar no Programa de Conciliación Escola de Verán 2023 e asino a presente solicitude sendo responsable de veracidade dos datos contidos na mesma en Baiona a _____ de _____ de 2023.

Asdo:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA



ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA A UTILIZACIÓN DO CORREO ELECTRÓNICO COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN E CAPTACIÓN DE IMAXES, VÍDEO E SON.

Don _____ con
NIF _____ E
Dona: _____ Con
NIF _____ e domicilio en _____

En relación á Convocatoria para participar no programa de Conciliación Escola de Verán 2023 AUTORIZO ao Concello de Baiona, que calquera comunicación que teña relación con dita convocatoria se me comunique a través da seguinte dirección de correo electrónico: _____

E:

- AUTORIZO
 NON AUTORIZO

Ao Concello de Baiona á captación de fotografías, á gravación da imaxe e ao rexistro de son, nos que apareza o meu fillo/a, ou fillos/as ben a título individual ou ben formando parte do grupo, no desenvolvemento da actividade «Programa de Conciliación Escola de Verán 2023 » co obxecto de incorporar ditas imaxes e publicidade da mesma, nas redes sociais e medios de comunicación.

Baiona, _____ de _____ de 2023.

Asdo A nai/titora

Asdo O pai/titor

A autorización de fotografías debe ser asinada pola nai/titora e pai/titor, salvo causa de forza maior (que deberá der xustificada) ou que a persoa que realice a solicitude teña atribuída de maneira exclusiva a patria potestade.

ANEXO III

Don/Dona: _____
Con NIF: _____

Expón Que o meu fillo/a

_____ participou no Programa de
Conciliación:

- Programa de Conciliación Escola de Verán 2022.
- Programa de Conciliación Semana Santa 2023.

Organizado polo concello de Baiona e a tal efecto presentei a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da nai/titora ou pai/titor e o mesmo sigue vixente.
- Fotocopia da tarxeta da seguridade social do neno/a.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da documentación acreditativa de minusvalía.
- Fotocopia do auto de separación/divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental
- Fotocopia do título de familia numerosa.
- Fotocopia da documentación acreditativa dunha situación de violencia de xénero.
- Outra documentación: _____

Esta declaración non exime da xustificación das circunstancias laborais actuais e das circunstancias alérxicas e sanitarias dos e das menores.

Declaro que:

Non se produciu variación respecto ás circunstancias acreditadas anteriormente.

Baiona _____ de _____ de 2023.

Asdo: